



Bernardo Atxaga, Escritor Galego Universal

XG Xornal de Galicia | Lunes, 02 Diciembre, 2013 - 12:18

• O galardón, concedido pola Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG), destaca a altísima calidade literaria, o insubornábel compromiso ético do autor e a infatigábel defensa do seu idioma, o éuscaro

• O premio será entregado na Gala das Letras, que se celebrará o primeiro sábado do mes de maio do vindeiro 2014 na cidade de Pontevedra

O Consello Directivo da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) acordou nomear Escritor Galego Universal ao autor vasco Bernardo Atxaga. Este recoñecemento susténtase en sólidos argumentos: polo seu compromiso ético coas causas da dignidade e en concreto do pobo vasco, e por ser creador dunha extensa e intensa obra, valorada tanto en Euskal Herria como nos máis diversos idiomas aos que foi traducida, na que o éuscaro é ferramenta de expresión da cultura de Euskal Herria e ocupa un lugar de centralidade. A súa obra, escrita e publicada en éuscaro abarca o conto, a novela, a poesía e máis o ensaio é un dos escritores en activo máis recoñecido das letras en éuscaro.

Con este nomeamento, Bernardo Atxaga súmase á lista de Escritores/as Galegos/as Universais conformada por Mahmoud Darwish, Pepetela, Nancy Morejón, Elena Poniatowska, Juan Gelman, Antonio Gamoneda, José Luis Sampedro e máis Lidia Jorge.

Bernardo Atxaga

(Asteasu, Guipúscoa, 1951)

A súa obra abarca conto, novela, poesía e ensaio e foi escrita e publicada integramente en éuscaro. Traducido a numerosas outras linguas, é o escritor en éuscaro máis lido e traducido. Licenciouse en Ciencias Económicas pola Universidade de Bilbao e en Filosofía e Letras pola Universidade de Barcelona.

Membro de pleno dereito da Real Academia da Lingua Vasca desde 2006, en novembro de 2010 tamén foi nomeado membro da Academia das Ciencias, das Artes e das Letras.

Fillo de carpinteiro e mestra, marchou a Bilbao para cursar os seus estudos universitarios, logrando a licenciatura en Ciencias Económicas pola Universidade de Bilbao en 1973. Pouco antes, en 1972, escribira o seu primeiro texto en éuscaro: Borobila eta puntua, breve composición teatral integrada na antoloxía Euskal literatura 72. Os seus textos chegaron ao escritor bilbaíno Gabriel Aresti, quen xogaríu un papel importante no mozo Atxaga, animándoo a escribir, augurándolle un gran futuro e aconsellándolle así mesmo a lectura dalgúns clásicos da literatura en éuscaro.

Traballou nun banco de Donostia, publicando en 1975 os seus primeiros textos na revista literaria Pampina Ustela, que publicou durante algún tempo xunto con Koldo Izaguirre. A finais dos 70 regresou a Bilbao, traballando en numerosos oficios (instructor de éuscaro, guionista para programas de radio, vendedor de libros, economista, etc.) que combinaba coa escritura. En 1976 viu a luz a súa primeira novela, de corte vangardista, Ziutateaz á que seguiría o poemario Etiopia (1978), obra fundamental na poesía vasca contemporánea e que pechaba a traxectoria vangardista do autor. Foi membro do grupo literario de vangarda Pott (1978-1983) xunto a Joseba Sarrionandia, Ruper Ordorika, Jon Juaristi e outros escritores.

A comezos dos 80, Atxaga decide dedicarse profesionalmente á literatura. Marchou a Barcelona, onde se licenciou en Filosofía e Letras. Tras publicar varios contos en diversas revistas literarias, aparece por primeira vez o universo Obaba, onde se localizan moitas das súas seguintes obras, entre elas novela Bi anai, que o devolveu á primeira liña da literatura vasca.

Tras un silencio de tres anos, en 1988 publicou a súa obra máis exitosa, Obabakoak, un híbrido entre novela e antoloxía de contos que foi traducida a 26 idiomas e que gañou o Premio Nacional de Narrativa en 1989. Algunhas das narracións aparecidas na obra foron levadas ao cinema en 2005 por Montxo Armendáriz, co título de Obaba. Tras Obabakoak, en 1993 Atxaga deixou de lado a literatura baseada na fantasía para abrir un ciclo realista, sobre todo mediante as novelas Gizona bere bakardadean (1993), finalista do Premio Nacional de Narrativa e Zeru horiek (1995). En 1996 apareceu unha nova antoloxía de textos e poemas baixo o título Nova Etiopia, que inclúe un CD no que diversos cantantes e grupos vascos musican os seus poemas. Dous anos máis tarde apareceu o ensaio Groenlandiako lezioa (1998).

Xa no século XXI, publicou catro obras: en 2003 publicou na editorial Pamiela Soinujolearen semeen, unha novela que trata sobre a desaparición do mundo de Obaba, "un mundo que deixou de existir", segundo o propio autor. Finalizado o ciclo Obaba, publicou as obras Lekuak (2005) e Markak. Gemika 1937 (2007), no que recolle reflexións sobre o bombardeo desta vila. E no 2009 sae á luz a novela Zazpi etxe Frantzian, publicando ao mesmo tempo as versións en éuscaro, castelán, catalán e galego, sendo das primeiras veces que se publica un libro en todas as linguas oficiais de España.